

ORDENANZA REGULADORA DAS NORMAS DE UTILIZACIÓN E PREZO PUBLICO POLO USO DA CARPA MUNICIPAL

CAPITULO I.- Réxime de utilización

ARTIGO 1.-FINALIDADE E OBXECTO:

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases de rexime local e de conformidade co disposto nos artigos 41 a 47 e 127 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locales, regulase a cesión e instalación por parte do Concello de Ortigueira da carpa de lona e estrutura metálica de titularidade municipal co fin de propoñer a entidades e particulares un espazo onde poida desenvolver as súas actividades e establécese o correspondente prezo público pola devandita cesión e instalación.

ARTIGO 2.- USUARIOS:

Poderán solicitar o uso e instalación da carpa:

-Asociacións legalmente constituídas de carácter veciñal, cultural, deportivas, sociais, etc do Concello de Ortigueira

-Comisións de Festas do Concello de Ortigueira.

-Outras Administracións Públicas.

-Outras entidades ou empresas do Concello de Ortigueira

-Particulares veciños de Ortigueira

ARTIGO 3.- SOLICITUDES:

A solicitude do uso das carpas deberá estar dirixida ao Sr. Alcalde e deberá presentarse no Rexistro de Entrada do Concello de Ortigueira cunha antelación mínima de vinte días hábiles ao inicio do uso da carpa, aportando a seguinte documentación:

a) Solicitude na que se fara constar, como mínimo, os datos do solicitante, lugar onde se quere ubicar a carpa, e datas.

b) Autoliquidación e xustificante do ingreso do importe da prezo público correspondente de conformidade co establecido na presente Ordenanza

c) Datos de identificación da persoa responsable da vixilancia e seguridade da carpa durante o periodo de utilización.

d) Breve descripción do uso e destino da carpa na que se fara constar as actividades que se desenvolveran no seu interior e, no seu caso, o equipamento co que se dotara (escenarios, barras de bar, mesas, cadeiras...).

e) Copia de póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra os eventos organizados polo solicitante e xustificante do pago do ano en curso.

f) Autorización ou permiso do titular dos terreos para realizar a instalación da carpa. E se fose o caso de necesitar licenzas ou autorizacións municipais e doutras Administracións públicas para a realización da actividade xuntarán as copias das mesmas.

ARTIGO 4.- AUTORIZACION:

4.1.- A concesión ou denegación de autorización do uso e instalación da carpa corresponderá á Xunta de Goberno Local, previos informes do equipo técnico responsable do transporte, montaxe e desmontaxe da carpa.

4.2.- Criterios de prioridade para o seu uso: No caso de coincidencia de datas en solicitudes aplicarase os seguintes criterios para a súa cesión.

Primeiro.- Terán preferencia sobre calquera solicitude dos usuarios contemplados no artigo 2 as actividades organizadas ou promovidas polo Concello de Ortigueira,

Segundo.- Terán preferencia as solicitudes de Asociacións legalmente constituídas de carácter veciñal, cultural, deportivas, social, etc, e Comisións de Festas do Concello de Ortigueira sobre os outros usuarios contemplados no artigo 2 desta Ordenanza.

Se coincidisen as datas das solicitudes de Asociacións e Comisións de Festas o primeiro ano terá preferencia a actividade que se desenvolva na parroquia ou núcleo con máis poboación. En anos sucesivos a cesión concederase alternativamente, e dicir, autorizarase a favor da Asociación, Comisión ou actividade que no ano anterior non se lle poido ceder por haberlle correspondido o uso a outra Asociación, Comisión ou actividade.

Terceiro.- Para o resto dos usuarios previstos no artigo 2, terán preferencia outras Administracións Públicas sempre que a actividade se desenvolva no Municipio de Ortigueira, no caso contrario

a) Outras entidades ou empresas do Concello de Ortigueira

b) Particulares veciños de Ortigueira

c) Outras Administracións Públicas cando a actividade se desenvolva fora do Municipio de Ortigueira

Cuarto.- Agás en casos excepcionais debidamente motivados e xustificados, a autorización para o uso e instalación da carpa non superará o periodo de catro días naturais, incluído o montaxe e desmontaxe

Quinto.- Unicamente se autorizará o uso e instalación da carpa fora do Municipio de Ortigueira cando así o soliciten outras administracións públicas.

Sexto.- Non se autorizará o uso e instalación da carpa durante os meses de xullo e agosto, agás cando sexa necesario para o desenvolvemento de actividades organizadas, promovidas ou realizadas polo Concello de Ortigueira ou salvo en casos excepcionais e extraordinarios discrecionalmente apreciados pola Xunta de Goberno Local previo informes do equipo técnico responsable e demais que considere necesario.

ARTIGO 5.-REQUISITOS PARA A INSTALACIÓN DA CARPA

1.- O solicitante deberá asegurarse de que conta coa autorización de uso do titular dos terrenos e, no seu caso, dos accesos donde se vai a instalar a carpa.

2.- O solicitante deberá acondicionar o terreno destinado a ubicación da carpa, seguindo as instrucións do persoal designado polo Concello e encargado de realizar o montaxe da carpa. Devandito persoal será competente para determinar si o terreno reúne as condicións adecuadas para proceder a montaxe da carpa.

3.- Aínda que esteña outorgada a autorización para a instalación se xurden causas xustificadas (terreo inadecuado, climatoloxía, etc) que aconsellen que non se realice devandita instalación o persoal do Concello encargado de realizar a montaxe comunicarllo ao solicitante con indicación expresa da causa que impide a súa instalación.

4.- O transporte, montaxe e desmontaxe da carpa será realizado por persoal designado polo Concello, polo que se a Entidade Local non contase con persoal suficiente e adecuado para a súa realización non se executara aínda que xa estivese outorgada a correspondente autorización.

5.-No caso de necesitar algun tipo de equipamento no interior da carpa (cadeiras, mesas, barras....) para o desenvolvemento da actividade deberá ser instalado pola entidade ou persoa solicitante.

6.- No caso de necesitar alumbrado no interior deberá ser instalado a cargo do solicitante coa supervisión do técnico municipal

7.- Unha vez instalada a carpa o encargado do persoal do Concello que realiza o montaxe e o representante da entidade solicitante asinarán un acta de recepción onde quede reflectido o estado de entrega.

8.- Unha vez rematado o evento, antes de proceder a desmontar a carpa, o encargado do persoal do Concello e o representante da entidade solicitante asinarán un acta de entrega onde se recolla o estado do material nese momento e os defectos, se os houbera.

ARTIGO 6.-OBRIGAS DOS SOLICITANTES

6.1-O solicitante terá as seguintes obrigas:

-Ter contratada unha póliza de seguros de Responsabilidade civil que inclua o evento ou actividade que se pretende realizar na carpa.

-Comunicar ao Concello de Ortigueira calquera defecto no material, perda ou deterioro das pezas da estrutura.

-Cumprir as disposicións e normas desta ordenanza, así como as que figuren na resolución de concesión de autorización

-Conservación dilixente dos elementos da carpa, respondendo dos danos que se poidan ocasionar ben por acción ou por omisión, as reparacións serán realizadas polo Concello e repercutido o coste das mesmas ao solicitante. Este apartado non será de aplicación no caso de que os deterioros sobreveñan por o só efecto do uso e sen culpa do solicitante ou por acaecemento dun caso fortuito.

-Efectuar o pago da prezo público establecido nesta ordenanza.

-Contar coas licenzas correspondentes, no seu caso.

-Destinar a carpa a actividade para a que foi solicitada.

-A contratación e abono de todos os subministros necesarios no interior da carpa como electricidade, auga, equipamento, etc.

-Custodiar e vixilar a carpa durante todo o periodo do uso e instalación autorizado.

-Responder de calquera dano ou perxuízo que se produza a terceiros durante o desenvolvemento da actividade na carpa, xa que o Concello de Ortigueira non terá ningunha relación nin vinculación laboral, penal o fiscal coa actividade polo quedará totalmente desvinculado da mesma e exento de calquera responsabilidade que se derive da mesma.

6.2.O incumprimento de calquera destas obrigas ou calquera outra derivada da presente Ordenanza, implicará ademáis da revocación da autorización outorgada, a que non se concederá o uso da carpa por un periodo de tres anos, como mínimo, ao solicitante infractor e/ou para actividade afectada.

ARTIGO 7.-ACTIVIDADES :

1.-Na carpa poderán realizarse actividades de tipo cultural, social, deportivo, educativo, ocio, lúdicas, etc, que contén coas autorizacións pertinentes para o seu desenvolvemento.

2.-En ningún caso no interior da carpa poderá realizarse actividades que contraveñan os principios de igualdade das persoas, realización de actos de carácter violento ou que atenten contra a dignidade das persoas ou discrimine a persoas ou grupos por razón de raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Tampouco se poderá realizar a celebración de actos que realicen accións violentas ou vexatorias contra animais.

ARTIGO 8.- CAUSAS DE ANULACIÓN DA AUTORIZACIÓN

A autorización de cesión de uso da carpa poderá extinguirse:

a) Por reclamación do propietario do terreo onde está ubicada por falla do permiso correspondente.

b) Pola realización de actividades que non conten con todas as autorizacións regulamentarias ou que contraveñan a presente ordenanza.

c) Pola necesidade suficientemente motivada do uso da carpa para a prestación doutros servizos públicos. Neste caso o solicitante perxudicado quedará exento do pago da prezo público, procedendo o Concello, no seu caso, ao reintegro do importe correspondente.

d) Por non contar cos requisitos mínimos de custodia e seguridade.

e) Por non contar nese momento a Entidade con persoal suficiente para o transporte, montaxe e desmontaxe da carpa. Neste caso o solicitante perxudicado quedará exento do paga da prezo público procedendo o Concello, no seu caso, ao reintegro do importe correspondente.

f) Por non reunir o terreo onde se pretende ubicar a carpa as condicións adecuadas.

g) Por causas imprevistas de forza maior que desaconsellen a instalación da carpa.

CAPITULO II.- Rexime económico:

ARTIGO 9.-CONCEPTO.-

De conformidade co disposto no Real Decreto 2/2004 o Concello de Ortigueira establece o prezo público polo uso e instalación da carpa regulado na presente Ordenanza.

ARTIGO 10.- SUXEITOS OBRIGADOS AO PAGAMENTO:

1.- Son suxeitos obrigados ao pagamento da prezo público os usuarios previstos no artigo 2 da presente ordenanza que soliciten o uso e instalación da carpa.

2.- Son responsables solidarios da debida tributaria as persoas ou entidades a que se refiere o artigo 42 da lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 11.- CUANTIA DO PREZO PUBLICO

a) O prezo público que corresponderá abonar polo uso privativo da carpa de titularidade municipal, que incluíra o transporte, montaxe e desmontaxe, fixase en mil euros.

b) No caso de que o concello estime que existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese publico o precio fixase en cincocentos euros.

Este prezo entendese por o período máximo de catro días naturais. No caso excepcional de que se teña que ampliar o período da utilización da carpa, o prezo público incrementarase 200 euros/día para os solicitantes previstos no apartado a) do punto anterior e 100 euros/días para os previstos no apartado b)

Aos efectos do establecido no presente artículo, enténdese que concorren razóns sociais, culturais e de interese público no caso das solicitudes de uso da carpa presentadas por asociacións legalmente constituídas de carácter veciñal, cultural, deportivas, sociais, etc no

Concello de Ortigueira, e polas Comisións de Festas do Concello de Ortigueira, en relación aos fins que lles son propios.

ARTIGO 12.- PERIODO IMPOSITIVO E DEVENGO

O prezo público devengarase cando se inicie a prestación ou utilización da carpa municipal e a utilización dos medios polos interesados.

ARTIGO 13.- XESTION-PAGAMENTO

1.- O importe do prezo público ingresarase por autoliquidación e non se iniciará a utilización da carpa, nin o transporte nin o montaxe, nin a tramitación do expediente, en tanto non se fixera efectivo o pago corespondente de acordo co artigo 26.1.b) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

2. Simultaneamente a presentación da solicitude do uso da carpa, os interesados deberán realizar o pagamento do prezo publico en calquera das contas das que dispón o Concello en entidades bancarias ou caixas de aforros ou depositalo na Caixa da Corporación.

ARTIGO 14.- EXENCIONS E BONIFICACIONES

Procederá a exención e bonificación do prezo publico nos supostos e condicións expresamente previstas nas normas con rango de lei.

ARTIGO 15.- INFRACCIONS E SANCIONS TRIBUTARIAS:

En todo o relativo a calificación das infraccións tributarias así coma á imposición das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvollen.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte ao da publicación do seu texto no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.